



MEMORANDO DE ENTENDEMENTO
ALIANZA GALEGA POLO CLIMA



CONTIDO

INTRODUCCIÓN	1
CAPITULO 1: DEFINICIÓNS	4
CAPÍTULO 2: OBXECTIVOS DA ALIANZA	5
CAPÍTULO 3: PRINCIPIOS DA ALIANZA	6
CAPÍTULO 4: ACORDOS DE COOPERACIÓN	7
CAPÍTULO 5: ADHESIÓN E SINATURA	7

INTRODUCCIÓN

1. Recoñecendo o papel da implicación de todas as empresas, organizacións e entidades, incluíndo as de economía social, para abordar o cambio climático en Galicia e promover a cooperación autonómica co fin de fortalecer a acción climática no contexto do desenvolvemento sustentable.
2. Recoñecendo os efectos devastadores da pandemia da enfermidade por covid-2019 e a importancia de garantir un desenvolvemento sustentable, unha recuperación global resiliente e inclusiva, mostrando solidariedade particularmente coas Partes cuxas organizacións sufriron un maior impacto.
3. Tomando nota da importancia de garantir a integridade de todos os ecosistemas, incluídos os bosques, o océano e a criosfera, e a protección de biodiversidade, e destacando tamén a importancia para algúns do concepto de xustiza climática' ao tomar medidas para abordar o cambio climático.
4. Tendo presente os obxectivos e accións do Acordo de Paris e do Acordo de Glasgow e os compromisos asumidos para traballar xuntos e con partes interesadas.
5. Recoñecendo o importante papel que teñen as entidades locais e a sociedade civil para abordar e responder o cambio climático, e destacando a necesidade urxente dunha acción cooperativa e de múltiples niveis.
6. Recoñecendo que as crises globais interrelacionadas do cambio climático e a perda de biodiversidade, e o papel fundamental de protexer, conservar e restaurar a natureza e os ecosistemas para brindar beneficios para a adaptación e mitigación do clima, á vez que se garante a protección social e ambiental.
7. Recoñecendo que o cambio climático xa causou e causará cada vez máis perdas e danos e que, a medida que aumenten as temperaturas, os impactos do clima e os fenómenos meteorolóxicos extremos, así como os fenómenos de evolución lenta, supoñerán unha ameaza social, económica e ambiental cada vez maior.

8. Recoñecendo a importancia da mellor ciencia dispoñible para unha acción climática e unha formulación de políticas efectivas. Ciencia que identificou que as actividades humanas causaron un quecemento global de ao redor de 1,1 °C ata a data e que os impactos xa sentan en todas as rexións.
9. Recoñecendo que limitar o quecemento global a 1,5 °C require reducións rápidas, profundas e sostidas das emisións globais de gases de efecto invernadoiro, incluída a redución das emisións globais de dióxido de carbono nun 45 % para 2030 en relación co nivel de 2010, ata o 55% respecto ao ano 1990 e ata cero neto ao redor de mediados de século, así como profundas reducións noutros gases de efecto invernadoiro.
10. Recoñecendo tamén o importante papel dunha ampla gama de partes interesadas a nivel local e autonómico, para evitar, minimizar e abordar as perdas e os danos asociados cos efectos adversos do cambio climático.
11. Recoñecendo a necesidade de transitar cara a un modelo de economía descarbonizada dun xeito xusto e planificado.
12. Recoñecendo a relevancia das entidades da economía social coma elemento crave no proceso de transformación cara a unha sociedade máis sustentable; polos seus aportes económicos, sociais e ambientais, así coma as súas capacidades de adaptabilidade e resiliencia.
13. Reiterando a urxencia de intensificar as medidas e o apoio, segundo proceda, a transferencia de tecnoloxía e a creación de capacidade, para aplicar enfoques destinados a evitar, reducir ao mínimo e abordar as perdas e os danos asociados cos efectos adversos do cambio climático nas Partes que son países en desenvolvemento que son particularmente vulnerables para estes efectos.
14. Lembrando que o cambio climático avanza a un ritmo frenético e agora máis que nunca é imperativo reducir as emisións e lograr a neutralidade en carbono para 2050. A urxencia desta misión é cada vez maior: o período 2016-2021 foi o máis cálido rexistrado desde 1880, e en base ás tendencias actuais, o mundo non está en condicións de manterse por baixo dos obxectivos do Acordo de París.


Os asinantes deste Memorando de Entendemento asumen e comprométense a colaborar coa Alianza Galega polo Clima segundo os contidos do ANEXO.

Asinado en nome de: **PSA PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A.**

Nome do asinante: Ignacio Bueno Castel

Cargo: Director de Stellantis Vigo

Data: 06/06/2022



ANEXO

CAPÍTULO 1: DEFINICIÓNS

Para os efectos do presente Memorando de Entendemento da Alianza Galega polo Clima:

- a) Por "Parte" enténdese calquera entidade ou organización legalmente constituída como persoa xurídica que asinase o presente Memorando.
- b) Por "Alianza Galega polo Clima", en adiante Alianza, enténdese o grupo de entidades ou organizacións que asinaron o presente Memorando.
- c) Por "efectos adversos do cambio climático" enténdese os cambios no medio ambiente físico ou na biota resultantes do cambio climático que teñen efectos nocivos significativos na composición, a capacidade de recuperación ou a produtividade dos ecosistemas naturais ou suxeitos a ordenación, ou no funcionamento dos sistemas socioeconómicos, ou na saúde e o benestar humanos.
- d) Por "cambio climático" enténdense os cambios no clima atribuídos directa ou indirectamente á actividade humana que altera a composición da atmosfera mundial e que se suma á variabilidade natural do clima observada durante períodos de tempo comparables.
- e) Por "sistema climático" enténdese a totalidade da atmosfera, a hidrosfera, a biosfera e a xeosfera, e as súas interaccións.
- f) Por "emisións" enténdese a liberación de gases de efecto invernadoiro ou os seus precursores na atmosfera nunha área e un período de tempo especificados.
- g) Por "gases de efecto invernadoiro" enténdese aqueles compoñentes gasosos da atmosfera, tanto naturais como antrópicos, que absorben e reemiten radiación infravermella.
- h) Por "depósito" enténdese un ou máis compoñentes do sistema climático en que está almacenado un gas de efecto invernadoiro ou un precursor dun gas de efecto invernadoiro.
- i) Por "sumidoiro" enténdese calquera proceso, actividade ou mecanismo que absorbe un gas de efecto invernadoiro, un aerosol ou un precursor dun gas de efecto invernadoiro da atmosfera.

CAPÍTULO 2: OBXECTIVO DA ALIANZA

O obxectivo último do presente Memorando e, por tanto, da Alianza Galega polo Clima, é lograr a diminución das concentracións de gases de efecto invernadoiro na atmosfera a un nivel que impida interferencias antrópicas perigosas no sistema climático, o aumento da resiliencia ante os impactos do cambio climático en Galicia.

Como obxectivos secundarios exponse os seguintes:

- a) Avogar por un compromiso de adaptación e mitigación do cambio climático das diferentes organizacións (Partes) que integrarán a Alianza.
- b) Visualizar o compromiso das organizacións galegas coa adaptación e mitigación do cambio climático.
- c) Definir prioridades, estratexias e iniciativas comúns (sinerxia/coordinación) que resolvan os principais problemas ambientais de Galicia para que cada unha das partes programe accións anuais nese sentido.
- d) Impulsar iniciativas de mellora nas prácticas de adaptación e mitigación ao cambio climático das organizacións e a sistemática de compartir estas boas prácticas.
- e) Realizar recoñecementos públicos de implicación das partes con respecto á adaptación e mitigación do cambio climático.
- f) Identificar os factores, as brechas de coñecemento e de xestión que obstaculizan que as organizacións e as entidades non asuman un compromiso de adaptación e mitigación ao cambio climático.
- g) Ofrecer ferramentas a pequenas e medianas empresas, a organizacións locais e a entidades da economía social para que poidan incorporarse de forma activa á Alianza e a unha mellora da adaptación e mitigación do cambio climático.

CAPÍTULO 3: PRINCIPIOS DA ALIANZA

As Partes, nas medidas que adopten para lograr o obxectivo da Alianza e aplicar as súas disposicións, guiaranse, entre outras cousas, polos seguintes principios:

- a) As Partes deberían protexer o sistema climático en beneficio das xeracións presentes e futuras, sobre a base da equidade e de conformidade coas súas responsabilidades comúns pero diferenciadas e as súas respectivas capacidades.
- b) As Partes deberían tomar medidas de precaución para prever, previr ou reducir ao mínimo as causas do cambio climático e fomentar a resiliencia antes os seus efectos adversos. Cando haxa ameaza de dano grave ou irreversible, non debería utilizarse a falta de total certeza científica como razón para posporñar tales medidas, tendo en conta que as políticas e medidas para facer fronte ao cambio climático deberían ser eficaces en función dos custos a fin de asegurar beneficios mundiais ao menor custo posible. A tal fin, esas políticas e medidas deberían ter en conta os distintos contextos socioeconómicos, ser integrais, incluír todas as fontes, sumidoiros e depósitos pertinentes de gases de efecto invernadoiro e abarcar todos os sectores económicos.
- c) As Partes teñen dereito ao desenvolvemento sustentable e deberían promovelos. As políticas e medidas para protexer o sistema climático contra o cambio inducido polo ser humano deberían ser apropiadas para as condicións específicas de cada unha das Partes.

CAPÍTULO 4: ACORDOS DE COOPERACIÓN

Todas as Partes, tendo en conta as súas responsabilidades comúns pero diferenciadas e o carácter específico das súas prioridades, dos seus obxectivos e das súas circunstancias, comprométense a:

- a) **Establecer accións, programas orientados á adaptación ou mitigación do cambio climático en Galicia**, tendo en conta as emisións antrópicas e a absorción polos sumidoiros de carbono.
- b) **Promover e apoiar coa cooperación entre as partes o intercambio pleno**, aberto e oportuno da información pertinente de orde científica, tecnolóxico, técnico, socioeconómico e xurídico sobre o sistema climático e o cambio climático, e sobre as consecuencias económicas e sociais das distintas estratexias de resposta.
- c) **Aliñar o obxectivo dalgunha das actuacións que realice a Parte coas liñas estratexias decididas anualmente pola Alianza**.
- d) **Promover e apoiar coa súa cooperación a investigación científica**, tecnolóxica, técnica, socioeconómica e doutra índole, a observación sistemática do sistema climático galego, co propósito de facilitar a comprensión das causas, os efectos, a magnitude e a distribución cronolóxica do cambio climático, e das consecuencias económicas e sociais das distintas estratexias de resposta.
- e) **Comunicar anualmente a información relativa ás actividades e programas** realizados no marco dos acordos alcanzados pola Alianza.
- f) **Acelerar o desenvolvemento, o despregamento e a difusión de tecnoloxías** nas súas organizacións, para a transición cara a sistemas de enerxía de baixas emisións.

CAPÍTULO 5: ADHESIÓN E SINATURA

O presente Memorando de Entendemento estará aberta á adhesión, en calquera momento, dos entidades e organizacións con personalidade xurídica que teñan establecida a súa sede en Galicia ou teña instalacións ou propiedades na Comunidade Autónoma.



alianzagalegapoloclima.gal